

## PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO HÁBITAT COSTEIRO DA RIBEIRA DE FEFIÑÁNS

O hábitat costeiro da zona de Fefiñáns é unha zona que se atopa incluída no plan de xestión de marisqueo a pe, e sobre o que a Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados leva desenvolvendo medidas que melloran a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos nos últimos anos.

O proxecto para a recuperación do hábitat de “Ribeira de Fefiñáns”, ten como obxectivo principal a restauración da biodiversidade e mellora dunha área de gran importancia para a reprodución de organismos mariños. Por outra parte o proxecto contribuirá á mellora dos servizos ecosistémicos no sentido de que a consecución final do obxectivo do proxecto influiría positivamente nos veciños de Cambados, na medida de que as mariscadoras a pé da Confraría poderían desenvolver a súa actividade marisqueira nunha zona que neste momentos atópase nun estado mellorable dende o punto de vista medioambiental.

O proxecto consistiu no aporte de 1.000 m<sup>3</sup> de áridos de canteira de tipo sedimentario “área grosa” caracterizado como apto para a rexeneración; co obxectivo da corrección granulométrica de substrato do banco marisqueiro de Fefiñáns, nunha superficie total de 20.000 m<sup>2</sup> en tres áreas, segundo aparece na figura.



A segunda actuación do proxecto consistiu na repoboación con 1.000.000 unidades de xuvenís de ameixa babosa de 9-11 milímetros despois de distribuír os áridos e misturar con sedimento existente, nas zonas A, B, C.

**O orzamento total do proxecto acada os 42.000 € cofinanciados a un 75% polo FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca) da UNIÓN EUROPEA e un 25% da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.**